

A FACTORIA TEATRO

presenta

A CASA DA AMERICA

de EDWARD THOMAS



A CASA DA AMERICA

A familia Gómez vive nunha casa de pobo. Hai anos que o pai os abandonou: Marchou para América.

A nai toleou dende o día que Brando, o gato, apareceu morto na lavadora. ¿Ou foi o día que o pai a abandonou? Cecais o problema está en que todo aconteceu no mesmo día.

Luis e Nely, os fillos pequenos, decidiron crear o seu propio mundo: O seu Deus é Jack Kerouac. A súa Biblia "No Camiño". Tan so hai un problema: ¿Onde remata a realidade, onde comeza a ficción? A fronteira non está nada clara. Toño, o seu irmán de trinta anos, segue sen traballo, o único que puido conseguir foi un traballo temporal de enterrador, ¿será casualidade?

Unha Traxedia en tres actos:

Cando unha sociedade entra en crise as xentes que vivimos nela tentamos buscar respostas a esa crise das mais diversas maneiras posibles.

É mui posible que si tentamos reconstruir o noso entorno baseándonos nun modelo autóctono, topémonos con que xa non existe, está feito pedaciños, esmagado baixo a maquinaria pesada encargada de uniformizar a cultura.

¿E si o "noso" xa non existe, que facemos? Moi sinxelo, creamos na nosa cabecilla desorientada historias coas que poder reinventar todo o que está estragado.

Si ao noso redor xa non hai heroes que nos sustenten, haberá que procuralos nalgún lado, non importa donde: nun libro, nun disco, nun filme...

Iso foi o que fixeron os heroes (ou mellor anti-heroes?) da nosa historia.

A saber:

Estamos en Gales, nunha familia marcada pola ausencia do pai, que tenta manterse unida, malia tódolos interrogantes e tódolos silencios cos que viven a diario.

A nai, hai uns cantos anos sentiuse abandonada polo pai e decidiu asesinalo. Ocultou a historia aos fillos e fíxolles creer que o Señor Lewis prefireu organizar unha nova vida na América, e alí esqueceu todo o que deixara atrás.

Os fillos, desorientados e sen futuro (están entrando nos trinta e seguen no paro), debátense entre continuar coa súa nai ou seguir o exemplo do pai e marchar para a América.

Ante a imposibilidade material da segunda alternativa dous dos tres fillos, Nely e Luis, recrean na súa casa o mundo dunha novela que cae nas súas mans: "NO CAMIÑO" de Jack Kerouac.

Luis convértese no mesmo Kerouac e Nely transformárase en Joice Johnson, a súa moza.

O alcohol, as pastillas, axudarán a crear un mundo alucinante onde os dous confunden imaxinación con realidade.

Como é de supoñer, todo isto acaba nun incesto que desencadenará o final trágico da peza.

O incesto, isto é, a "hamartia" (ou acción trágica), pon en movemento o proceso Luis morrerá nas mans do seu irmán Toño para lavar a culpa e devolvementos á orde natural.

A CASA DA AMERICA

de Edward Thomas

Nai	<i>Dorotea Bárcena</i>
Toño	<i>Alfredo Rodríguez</i>
Luis	<i>César Martínez</i>
Nely	<i>Anabel Gago</i>
Deseño e realización escenografía	<i>Carlos Alonso</i>
Atrezzo	<i>Santos Carrera</i>
Deseño vestiario	<i>Santos Carrera</i>
Espacio sonoro	<i>A Factoría</i>
Composición e interpretación música ..	<i>Xavier Olite</i>
Deseño luces	<i>Antón Ferreiro</i>
Deseño gráfico	<i>Carlos Alonso</i>
Producción e distribución	<i>A Factoría Teatro</i>
Asesoría xurídica	<i>Leo García-Bobadilla</i>
Asesoría financeira	<i>Pilar Iglesias</i>
Asesoría fiscal	<i>Daniel Couselo</i>
Traducción e versión	<i>Pepe Cendón</i>
Dirección movemento escénico	<i>Olga Cameselle</i>
Dirección	<i>Cristina Domínguez</i>



Día 16 de maio ás 22,30 h.

Día 17 de maio ás 20,30 h.



Concello de Vigo



Caixavigo